


T2. A era das revolucións (1770-1871)



- 1.Os procesos revolucionarios.
- 2.A revolución dos Estados Unidos.
- 3.A Revolución Francesa (1789-1799).
- 4.A Europa napoleónica (1799-1814).
- 5.A época da Restauración.
- 6.As revolución liberais do século XIX.
- 7.Os nacionalismos. O nacemento de novos Estados.



1. Os procesos revolucionarios.

- O final do Antigo Réxime producírase pola vía revolucionaria en apenas un século (1770-1871) ante o fracaso da vía reformista. Desaparecerán o absolutismo e a sociedade estamental e a burguesía convertírase no grupo social dominante.

1) As “revolucións burguesas” e o final do Antigo Réxime.

- Coñécense como “revolucións burguesas” porque a burguesía foi a súa principal impulsora e beneficiaria. Comezan a finais do s. XVIII e teñen un carácter fundamentalmente político.
- As primeiras revolucións políticas son a Revolución Americana (1773-1787) e a Revolución Francesa (1789-1799). A magnitude dos cambios que provocou esta última xustifica que a consideremos o inicio da Idade Contemporánea.

2) Os cambios revolucionarios.

	Antes	Despois
Política	Absolutismo	Sistema político liberal
Economía	Preindustrial de base agraria	Industrial e urbana
Sociedade	Estamental baseada no privilexio	De clases, baseada na riqueza
Arte	Neoclásico	Romanticismo e realismo


2. A revolución dos Estados Unidos

- No último ¼ do século XVIII 13 colonias británicas da costa leste de América do Norte independizáronse mediante unha revolución política.

1) As causas do conflito.


- Profundas:
 - Descontento dos colonos porque:
 - Non tiñan representantes no Parlamento británico.
 - Dependían do comercio británico (intercambio desigual).
 - O territorio ao oeste das colonias estaba reservado aos británicos.
- Inmediatas (chispa):
 - Protestas dos colonos ante os **novos impostos** que implantan os ingleses (para sufragar a guerra dos 7 anos) como a Lei do Timbre (1765) e a Acta do Té (1773), xa que non poden votalos ao carecer de representantes (*no taxation without representation*).
 - A Acta do Té, que concedía o monopolio á Cía. inglesa das Indias, provoca o **motín do té** en Boston (1773). A represión británica conduce á **guerra de independencia** (1775-1783).

2. A revolución dos Estados Unidos




2) A guerra de independencia (1775-1783).

- Nun primeiro momento os rebeldes practican unha guerra de guerrillas para posteriormente organizar un exército dirixido por George Washington.
- O 4 de Xullo de **1776**, os representantes das 13 colonias aproban a **Declaración de Independencia** en Philadelphia.
- En **1781**, co apoio de Francia e de España, derrotan aos británicos en **Yorktown**.
- En **1783** asinan a **Paz de Versalles** pola que os británicos recoñecen a independencia das colonias.



2. A revolución dos Estados Unidos



3) A revolución política e o novo Estado.

- Durante a guerra:
 - **Declaración de Independencia (1776).**
 - Recoñece a igualdade e dereitos naturais dos homes (brancos): á vida, á liberdade e á felicidade.
 - A soberanía nacional como garante destes dereitos e o dereito á rebelión para reformar ou abolir gobernos despóticos.
- Despois da guerra:
 - **Constitución de 1787.**
 - Primeira constitución escrita que recolle os principios do liberalismo político (influencia en Europa):
 - Dereitos naturais; Soberanía nacional e división de poderes (Executivo: presidente; Lexislativo: Congreso e Xudicial: Tribunal Supremo).
 - Organiza o novo estado como unha república federal.

3. A revolución francesa (1789-1799)

1) Causas:

- Profundas:
 - Político-ideolóxicas:
 - Crítica ilustrada ao absolutismo.
 - Exemplo da revolución americana.
 - Socio-económicas:
 - Descontento dos 3 estamentos (reflectido nos “cadernos de queixas”):
 - Privilexiados (nobreza e clero) porque o absolutismo limita o seu poder e teñen elevados gastos (nobreza cortesá).
 - Non privilexiados (Terceiro Estado):
 - Burguesía porque non ten poder político nen liberdade económica.
 - Campesiñado porque soporta unha maior presión fiscal (+ impostos).
 - Grupos populares urbanos porque viven na miseria.

3. A revolución francesa (1789-1799)

1) Causas:

- Inmediatas (chispa):

- Crise **de subsistencias**: malas colleitas ➡ x 3 prezo pan ➡ fame
- Crise **financeira**: gastos militares e da corte ➡ endebedamento ➡ reforma fiscal ➡ *revolta dos privilexiados* (negativa a pagar impostos) ➡ convocatoria Estados Xerais (1789)

2) Inicio da revolución. A convocatoria dos Estados Xerais:

- Os representantes do Terceiro Estado esixen o **voto por cabeza** e a deliberación conxunta.
- Rexeitadas as súas peticións autoproclamanse **Asamblea Nacional** (representantes de toda a nación).
- Luis XVI tenta disolvela pero traslándanse á sala do Xogo da Pelota e xuran non disolverse ata aprobar unha constitución **Asemblea Constituínte**.

3. A revolución francesa (1789-1799)

3) A Asemblea Constituínte (1789-1791).

- Ante o temor de que o exército disolvese a Asemblea constituínte:
 - (14-xullo-89) O pobo de París **asalta a Bastilla**.
 - Os campesiños asaltan as casas dos señores. “ **O Gran medo**”.
- A Asemblea aproba as seguintes disposicións que substitúen o absolutismo por un sistema político liberal:
 - **Abolición do feudalismo.**
 - Nacionalización dos bens da Igrexa e constitución civil do clero.
 - **Declaración de Dereitos do Home o do Cidadán.**
 - **Constitución de 1791:** soberanía nacional, división de poderes e sufraxio censatario.

3. A revolución francesa (1789-1799)

4) A Asemblea Lexislativa (1791-1792).

- Substitúe á Asemblea Constituínte unha vez aprobada a Constitución:
- Enfronta varios problemas:
 - Os nobres exiliados conspiran contra a revolución.
 - A oposición do rei, detido cando tenta fugarse (1791).
 - A guerra contra Austria e Prusia, potencias absolutistas que apoian aos contrarrevolucionarios.
 - Enfrontamentos entre xirondinos (moderados) e xacobinos (radicais).

3. A revolución francesa (1789-1799)

5) A Convención (1792-1795)

- Convención xirondina:

- Abolición da monarquía e proclamación da República (1792).
- Luís XVI guillotinado por traizón.
- Fórmase a 1ª coalición de potencias absolutistas contra Francia.


- Convención xacobina:

- O descontento popular ante as primeiras derrotas e a carestía de alimentos permite aos xacobinos acceder ao poder (1793).
- O seu líder, Robespierre, leva a cabo unha serie de medidas para *salvar a revolución*:
 - Leva en masa para rexeitar a invasión estranxeira.
 - Limitar o prezo do trigo e dos salarios (Lei do Maximum).
 - *O terror* para acabar coa contrarrevolución no interior (guillotina).
 - Constitución democrática (sugraxio universal e soberanía popular) e Declaración de dereitos (inclúe dereitos sociais) que non entra en vigor pola guerra (93).
- Os inimigos de Robespierre acúsano de ditador, depóñeno e guillotinanano (golpe de Termidor).

- Convención termidoriana:

- Constitución de 1795, moderada e con sufraxio restrinxido que fai recaer o poder executivo en 5 membros, o Directorio.

3. A revolución francesa (1789-1799)



6) O Directorio:

- No exterior: emprende moitas campañas militares nas que destaca un xoven xeneral polas súas victorias, Napoleón.
- No interior ten que facer fronte a revoltas da esquerda (revolta dos iguais de Babeuf) e da dereita (realistas) tendo que recorrer continuamente ao exército para manter a orde.
- Aproveitando o seu prestixio **Napoleón** da un **golpe de Estado** e substitúe o directorio por un Consulado (18-Brumario-1799 = 9/Novembro/99) poñendo fin á revolución.

